

**EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE  
CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

**1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato.**

**a) Tipo de contrato:** subministro

**b) Descrición do obxecto:** A subministración e instalación dun sistema de axuda á explotación do transporte público urbano de Lugo (proxecto nº 09446001 mobilidade e 09UR6001 URBAN instalación SAE, cofinanciado polo Fondo Europeo de desenvolvemento rexional -Feder-.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedemento:** aberto

**4.- Tipo de licitación:**

**a) Orzamento máximo do contrato:** O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 324.192,87 euros, polo que incluído o 16% do IVE (51.870,86 euros), resulta un presuposto total de 376.063,73 euros (dos cales 91.938,94 euros son con cargo ó FEDER.

**5.- Adxudicación provisional:**

**a) Data:** 21-04-2010

**b) Contratista:** ELECTRONIC TRAFIC, S.A.

**c) Nacionalidade:** Española

**d) Orzamento máximo do contrato:** 227.138,43 euros, IVE incluído (dos cales 55.530,13 euros se financian con cargo ó FEDER da Unión Europea, no marco do Programa Iniciativa Urbana (Proxecto URBAN) que está a desenvolver o Concello de Lugo.

Lugo, 29 de abril de 2010  
O ALCALDE,  
P.S. DA TENENTE ALCALDE DE ÁREA

Asdo: José Rábade Arias